A exención está subordinada a que se manteñan as circunstancias que motivaron o seu recoñecemento. Para estes efectos, o Concello de Rianxo poderá realizar periodicamente actuacións de comprobación ou verificación, requirindo ao interesado para que achegue a documentación xustificativa necesaria para o seu desfrute. No caso incumprimento, revogase o recoñecemento da exención.

c. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provista da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder gozar da exención a que se refire a letra b) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión mediante a presentación do modelo normalizado aprobado ao efecto, achegando:

a. No caso de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo e destinados ao seu transporte:

- DNI da persoa con discapacidade.
- certificado ou tarxeta acreditativos do grao de discapacidade emitido pola Consellería competente
- permiso de circulación do vehículo no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- póliza do seguro do vehículo, na que debe coincidir o titular do vehículo e o tomador do seguro (o beneficiario da exención).
- xustificante de pago da póliza do seguro do vehículo
- DNI do condutor habitual do vehículo e copia do permiso de conducir deste, debendo estar empadroadado no mesmo domicilio que o discapacitado.
- declaración do beneficiario da exención de que o vehículo destinarase ao seu transporte exclusivo.

b. No caso de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos:

- DNI da persoa con discapacidade.
- certificado ou tarxeta acreditativos do grao de discapacidade emitido pola Consellería competente.
- permiso de circulación do vehículo no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- permiso de conducir do beneficiario da exención.
- póliza do seguro do vehículo na que deben coincidir o titular do vehículo e o tomador do seguro. Deberá constar como único conductor o beneficiario da exención.
- xustificante de pago da póliza do seguro do vehículo.

3. Para poder gozar da exención a que se refire a letra c) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión mediante a presentación do modelo normalizado aprobado ao efecto, achegando:

- DNI do solicitante
- Permiso de circulación do vehículo
- Ficha de características técnicas do vehículo
- Cartilla de Inspección Agrícola

4. O recoñecemento das exencións de carácter rogado terá efectividade no exercicio seguinte ao de solicitude, non sendo preciso a súa reiteración para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión.

Artigo cuarto

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos de acordo co establecido no Capítulo I do Regulamento de Vehículos Históricos, aprobado polo Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, e coa Orde de 17 de xuño de 1996 pola que se establecen os requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos ditos vehículos, así como aqueles que teñan unha antigüidade igual ou superior a vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2. Para o disfrute desta bonificación, o titular do vehículo instará a súa concesión mediante solicitude en modelo normalizado, achegando a seguinte documentación:

- DNI do interesado

- Permiso de circulación do vehículo
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa da antigüidade do vehículo

3. A bonificación, unha vez declarada polo concello, producirá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

Artigo quinto

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos, os obrigados tributarios presentarán no concello a correspondente declaración no modelo normalizado aprobado para tal efecto, que conterá os elementos tributarios imprescindibles para a asistencia ao contribuínte na obtención da autoliquidación, achegando a ficha de características técnicas do vehículo e o DNI do suxeito pasivo.

A data de pagamento da autoliquidación será anterior á data de matriculación do vehículo, debendo corresponder ambas ao mesmo exercicio, e aplicándose a ordenanza fiscal vixente.

2. A autoliquidación conterá un prazo de ingreso de tres días naturais. De non se efectuar o ingreso, a administración, en aplicación do artigo 101 da Lei Xeral Tributaria, aprobará a pertinente liquidación, con inclusión das recargas e xuros que procedan.

Artigo sexto

1. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a rehabilitación dun vehículo deberán acreditar previamente, o pago da cota do imposto correspondente ao exercicio de matriculación ou rehabilitación, que deberá realizarse conforme ao establecido no artigo 5º da presente Ordenanza.

2. Quen soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a transferencia dun vehículo deberán acreditar previamente o pago da cota do imposto correspondente ao exercicio anterior ao da solicitude.

Non obstante o anterior, persiste a obriga do transmitente ao pago da cota do imposto correspondente ao exercicio da transferencia, sendo esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas, polo este concepto, deveñadas, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas.

3. De conformidade co establecido na Orde INT/624/2008, do 26 de febreiro, que desenvolve o Real Decreto 1383/2002, os titulares de turismos, autobuses de 9 prazas como máximo, vehículos de mercadorías con MMA non superior a 3,5 toneladas, e vehículos de tres rodas simétricas de cilindrada superior a 50 cc, ou que non superen a velocidade de 45 km./h. (excluídos os ciclomotores) que pretendan desprenderse de os mesmos ao final da súa vida útil, deberán entregalos obrigatoriamente nun centro autorizado de tratamento, acompañando a preceptiva

documentación. Estes centros serán os encargados de tramitar ante a Xefatura Provincial de Tráfico as baixas dos vehículos e emitir o certificado de destrución.

As baixas definitivas dos vehículos que non cita a Orde poderán presentarse tanto nun centro autorizado de tratamento como na Xefatura Provincial de Tráfico, sen necesidade, neste último caso, de achegar o certificado de destrución.

Para a tramitación da baixa dun vehículo, con independencia do lugar de presentación, non será necesario acreditar o pago da cota do imposto, aínda que persiste a obriga do titular do vehículo na data de decheño do imposto ao pago da cota correspondente ao exercicio de baixa do vehículo, sendo esixible o pago de todas as débedas decheñadas, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas.

Artigo sétimo

O pago do imposto acreditarase mediante a correspondente carta de pago, non sendo válido ningún outro documento.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi modificada polo Pleno en sesión celebrada o xxxxxx, e xurdindo efectos desde o 1 de xaneiro de 2022, ata a súa modificación ou derogación expresa."

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Boletín Oficial da Provincia.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria do día 22/10/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 5 votos a favor (2 concelleiros do BNG, 2 concelleiros do PSOE e 1 concelleiro do PP), 1 voto

en contra (1 concelleiro de Rianxo en Común) e 0 abstencións, dos 6 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Modificar a Ordenanza fiscal xeral número 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica nos seguintes termos:

""Artigo segundo

1. O imposto esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas, que resulta de aplicar sobre o previsto no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, os coeficientes que se detallan:

Clase de vehículo	Tarifa €	Coef.	Cota €
A. TURISMOS			
TURISMO MENOS 8 HP	12,62	1,48911	18,79
TURISMO DE 8 A 11,99 HP	34,08	1,48911	50,75
TURISMO DE 12 A 15,99 HP	71,94	1,48911	107,13
TURISMO DE 16 A 19,99 HP	89,61	1,59075	142,55
TURISMO DE 20 HP EN ADIANTE	112,00	1,59075	178,16
B. AUTOBUSES			
AUTOBUS MENOS 21 PLAZAS	83,30	1,48911	124,04
AUTOBUS DE 21 A 50 PLAZAS	118,64	1,48911	176,67
AUTOBUS MAIS DE 50 PLAZAS	148,30	1,48911	220,84
C. CAMIÓN			
CAMIÓN MENOS DE 1.000 KG	42,28	1,48911	62,96
CAMIÓN DE 1.000 A 2.999 KG	83,30	1,48911	124,04
CAMIÓN DE 2.999 A 9.999 KG	118,64	1,48911	176,67
CAMIÓN MAIS DE 9.999 KG	148,30	1,48911	220,84
D. TRACTORES			
TRACTOR MENOS 16 HP	17,67	1,48911	26,31
TRACTOR DE 16 A 25 HP	27,77	1,48911	41,35
TRACTOR MAIS DE 25 HP	83,30	1,48911	124,04
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA			
REMOLQUE MENOS 1.000 KG	17,67	1,48911	26,31
REMOLQUE DE 1.000 A 2.999 KG	27,77	1,48911	41,35
REMOLQUE MAIS DE 2.999 KG	83,30	1,48911	124,04
F. OUTROS VEHÍCULOS			
CICLOMOTOR	4,42	1,48911	6,58
MOTOCICLETA ATA 125CC	4,42	1,48911	6,58
MOTOCICLETA DE 125 A 250CC	7,57	1,48911	11,27
MOTOCICLETA DE 250 A 500CC	15,15	1,48911	22,56
MOTOCICLETA DE 500 A 1.000 CC	30,29	1,59075	48,18
MOTOCICLETA MAIS DE 1.000 CC	60,58	1,59075	96,37

2. Para a aplicación do anterior cadro estarase ao disposto no Anexo II.B do Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, respecto das definicións e categorías de vehículos, considerándose ademais as seguintes regras:

a. a potencia fiscal do vehículo expresada en caballos fiscais establecerase de acordo co artigo 11 do Regulamento Xeral de Vehículos, e en relación co anexo V do mesmo texto legal, segundo tipo de motor, e expresada en dúas cifras decimais.

b. a carga útil do vehículo determinase pola diferenza entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a Tara do vehículo, e expresadas en kilogramos.

c. os vehículos mixtos adaptables e os derivados de turismos (clasificacións 30 e 31 do Anexo II.b do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán como turismo, de acordo coa potencia fiscal, agás:

- si o vehículo estivese habilitado para o transporte de mais de 9 persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.

- si o vehículo estivese autorizado para transportar carga útil superior a 525 kilogramos, tributará conforme un camión.

d. os motocarros tributarán pola súa cilindrada, como as motocicletas.

e. os furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 do do Anexo II.b do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán pola súa carga útil, como camións.

f. as máquinas autopropulsadas que podan circular pola vía pública sen ser arrastradas por outro vehículo de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

g. a rúbrica xenérica de tractores a que se refire a letra D do cadro de tarifas comprende os tractocamións e os tractores de obras e servizos.

Artigo terceiro

1. Estarán exentos de tributar:

a. os vehículos cunha tara non superior a 350 kilogramos, e que, pola súa construción non poidan alcanzar unha velocidade superior a 45km/h., proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, se equiparán aos ciclomotores de tres rodas.

b. Os vehículos matriculados a nome de persoas con minusvalía para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as condicións requiridas, tanto para vehículos conducidos por persoas con discapacidade, como para os destinados para o seu transporte.

Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con minusvalía cando esta última conste como único condutor/a na póliza do seguro do vehículo.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables a suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto no epígrafe b) deste artigo, terán a consideración de persoas con minusvalía aquelas persoas que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100, de acordo co previsto no artigo 4.2 do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba a Lei Xeral de persoas con discapacidade e da súa inclusión social:

- 1º) persoas ás que se lles recoñecera un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento
- 2º) pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez
- 3º) pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade

A exención está subordinada a que se manteñan as circunstancias que motivaron o seu recoñecemento. Para estes efectos, o Concello de Rianxo poderá realizar periodicamente actuacións de comprobación ou verificación, requirindo ao interesado para que achegue a documentación xustificativa necesaria para o seu desfrute. No caso incumprimento, revogase o recoñecemento da exención.

c. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provista da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder gozar da exención a que se refire a letra b) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión mediante a presentación do modelo normalizado aprobado ao efecto, achegando:

a. No caso de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo e destinados ao seu transporte:

- DNI da persoa con discapacidade.
- certificado ou tarxeta acreditativos do grao de discapacidade emitido pola Consellería competente
- permiso de circulación do vehículo no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- póliza do seguro do vehículo, na que debe coincidir o titular do vehículo e o tomador do seguro (o beneficiario da exención).
- xustificante de pago da póliza do seguro do vehículo
- DNI do condutor habitual do vehículo e copia do permiso de conducir deste, debendo estar empadroadado no mesmo domicilio que o discapacitado.
- declaración do beneficiario da exención de que o vehículo destinarase ao seu transporte exclusivo.

b. No caso de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos:

- DNI da persoa con discapacidade.
- certificado ou tarxeta acreditativos do grao de discapacidade emitido pola Consellería competente.
- permiso de circulación do vehículo no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- permiso de conducir do beneficiario da exención.
- póliza do seguro do vehículo na que deben coincidir o titular do vehículo e o tomador do seguro. Deberá constar como único conductor o beneficiario da exención.
- xustificante de pago da póliza do seguro do vehículo.

3. Para poder gozar da exención a que se refire a letra c) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión mediante a presentación do modelo normalizado aprobado ao efecto, achegando:

- DNI do solicitante
- Permiso de circulación do vehículo
- Ficha de características técnicas do vehículo
- Cartilla de Inspección Agrícola

4. O recoñecemento das exencións de carácter rogado terá efectividade no exercicio seguinte ao de solicitude, non sendo preciso a súa reiteración para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión.

Artigo cuarto

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos de acordo co establecido no Capítulo I do Regulamento de Vehículos Históricos, aprobado polo Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, e coa Orde de 17 de xuño de 1996 pola que se establecen os requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos ditos vehículos, así como aqueles que teñan unha antigüidade igual ou superior a vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2. Para o disfrute desta bonificación, o titular do vehículo instará a súa concesión mediante solicitude en modelo normalizado, achegando a seguinte documentación:

- DNI do interesado

- Permiso de circulación do vehículo
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa da antigüidade do vehículo

3. A bonificación, unha vez declarada polo concello, producirá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

Artigo quinto

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos, os obrigados tributarios presentarán no concello a correspondente declaración no modelo normalizado aprobado para tal efecto, que conterá os elementos tributarios imprescindibles para a asistencia ao contribuínte na obtención da autoliquidación, achegando a ficha de características técnicas do vehículo e o DNI do suxeito pasivo.

A data de pagamento da autoliquidación será anterior á data de matriculación do vehículo, debendo corresponder ambas ao mesmo exercicio, e aplicándose a ordenanza fiscal vixente.

2. A autoliquidación conterá un prazo de ingreso de tres días naturais. De non se efectuar o ingreso, a administración, en aplicación do artigo 101 da Lei Xeral Tributaria, aprobará a pertinente liquidación, con inclusión das recargas e xuros que procedan.

Artigo sexto

1. Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a rehabilitación dun vehículo deberán acreditar previamente, o pago da cota do imposto correspondente ao exercicio de matriculación ou rehabilitación, que deberá realizarse conforme ao establecido no artigo 5º da presente Ordenanza.

2. Quen soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a transferencia dun vehículo deberán acreditar previamente o pago da cota do imposto correspondente ao exercicio anterior ao da solicitude.

Non obstante o anterior, persiste a obriga do transmitente ao pago da cota do imposto correspondente ao exercicio da transferencia, sendo esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas, polo este concepto, deveñadas, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas.

3. De conformidade co establecido na Orde INT/624/2008, do 26 de febreiro, que desenvolve o Real Decreto 1383/2002, os titulares de turismos, autobuses de 9 prazas como máximo, vehículos de mercadorías con MMA non superior a 3,5 toneladas, e vehículos de tres rodas simétricas de cilindrada superior a 50 cc, ou que non superen a velocidade de 45 km./h. (excluídos os ciclomotores) que pretendan desprenderse de os mesmos ao final da súa vida útil, deberán entregalos obrigatoriamente nun centro autorizado de tratamento, acompañando a preceptiva

documentación. Estes centros serán os encargados de tramitar ante a Xefatura Provincial de Tráfico as baixas dos vehículos e emitir o certificado de destrución.

As baixas definitivas dos vehículos que non cita a Orde poderán presentarse tanto nun centro autorizado de tratamento como na Xefatura Provincial de Tráfico, sen necesidade, neste último caso, de achegar o certificado de destrución.

Para a tramitación da baixa dun vehículo, con independencia do lugar de presentación, non será necesario acreditar o pago da cota do imposto, aínda que persiste a obriga do titular do vehículo na data de decheño do imposto ao pago da cota correspondente ao exercicio de baixa do vehículo, sendo esixible o pago de todas as débedas decheñadas, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas.

Artigo sétimo

O pago do imposto acreditarase mediante a correspondente carta de pago, non sendo válido ningún outro documento.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi modificada polo Pleno en sesión celebrada o xxxxxx, e xurdindo efectos desde o 1 de xaneiro de 2022, ata a súa modificación ou derogación expresa."

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Boletín Oficial da Provincia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 3 dos membros do grupo PP) 2 votos en contra (de 1 membro do grupo REC e 1 membro de grupo cidadanos) e 1 abstención (de 1 membro do grupo PP, Alicia Carou Romero) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

5. PROPOSTA DO CONCELLO DE RIANXO PARA APOIAR QUE SE DEDIQUE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS AO INSIGNE POETA E ENSAÍSTA ISORNÉS, D. FAUSTINO REY ROMERO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a **APOIAR QUE SE DEDIQUE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS AO INSIGNE POETA E ENSAÍSTA ISORNÉS, D. FAUSTINO REY ROMERO**, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, **APROBÁNDOSE** a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai dez anos o pleno do Concello de Rianxo por unanimidade apoiaba a solicitude á Real Academia Galega para adicar un Día das Letras Galegas ao poeta de Isorna, Faustino Rey Romero. Magoadamente esta petición non foi atendida até o día de hoxe e entendemos comprender esta demanda contribuíndo a tecer máis complicidades sociais e institucionais en prol deste recoñecemento de Don Faustino Rey Romero e da súa obra.

Ao crego de Isorna débese unha obra poética de exquisita factura, unha serie de ensaios e poemas relixiosos de primeira orde, alén dun importante activismo cultural que deu lugar desde o Ateneo Ullán, entre outras, ao comezo da Festa Viquinga do Concello de Catoira que acadou hoxe unha grande dimensión internacional.

O Concello de Tui en 2011 promoveu un acto organizado polo concello tudense facéndose eco da proposta do colectivo *Levada Libre* que incluíu a colocación dun monumento nos xardíns da Media Lúa, xunto a outras conferencias e actos culturais.

O escritor e académico Xosé Méndez Ferrín definiuno *como un católico ortodoxo libre que optou pola democracia ao igual que Alexandre Bóveda...* A súa obra, en gran parte, *foi silenciada mais permanece no corazón daqueles que saben como cantan os melros.*

Desde Rianxo, Catoira e Tomiño, co apoio da Secretaria Xeral de Política Lingüística lanzamos unha reedición da súa obra poética e teolóxica, xa editada con anterioridade en 1985.

Foi tamén obxecto Faustino Rey Romero dunha edición biográfica da man de Xosé Ricardo Losada e editada por Edicións Xerais en 2013, por título *Faustino Rey Romero, Un evanxeo bufo.*

Por último, a día de hoxe, un obradoiro de gravado, a cargo do Museo do Gravado de Artes e o Concello de Rianxo, estamos a realizar uns traballos que concluirán cunha edición moi especial de *Escolanía de Melros*, libríño de poemas emblemático do autor.

É dicir, temos moitos elementos que avalan esta candidatura e que daría novos azos e proxección deste autor e unha maior e mellor coñecemento de Don Faustino Rey Romero e da súa obra, polo que propoñemos os seguintes

ACORDOS

1º.- Facer chegar novamente á Real Academia Galega o acordo e apoio para dedicar o Día das Letras Galegas ao poeta e ensaísta D. Faustino Rey Romero.

2º.- Continuar a promover actividades, estudos, investigacións e colaboracións referidas ao insigne rianxeiro.

3º.- Interesar a institucións, entidades, centros educativos, asociacións e persoeiros diversos e dos distintos sectores representativos dos diferentes concellos polos que transcorreu a vida de Faustino Rey Romero (Catoira, Tui e Tomiño) a que se sumen a esta proposta enviando á Real Academia Galega o seu apoio explícito.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

6 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2021 ata o 30/09/2021, que comprenden os números 730/2021 ao 821/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 16 da Sesión extraordinaria do día 03/09/2021
- Acta nº 17 da Sesión extraordinaria do día 23/09/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

7 MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: MELLORA DA ATENCIÓN NO CENTRO

DE SAÚDE DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a MELLORA DA ATENCIÓN NO CENTRO DE SAÚDE DE RIANXO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dada lectura da proposta, iníciase ao debate e coa conformidade do voceiro do grupo propoñente sométese a votación nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Defender a sanidade pública galega é sempre necesario, e máis nos tempos que corren. Mais para Rianxo en Común defender a sanidade non é só facerlle fronte aos ataques que a miúdo se lanzan dende San Caetano, que tamén, senón que tamén é demandar que se fortaleza, que os profesionais que nela traballan o fagan nunhas condicións laborais cada vez mellores e que os servizos que se prestan cada vez abarquen a un maior número de colectivos e un abano de especialidades tamén crecente.

Neste senso, e tendo en conta que segundo os datos do Instituto Galego de Estatística do total de 4.271 persoas que no noso concello están afiliadas á seguridade social 546 traballan no sector primario - fundamentalmente na pesca e no marisqueo -, pensamos que nun municipio como o noso é necesario contar cunha unidade de fisioterapia no centro de saúde.

A día de hoxe este tipo de atención só se pode recibir en clínicas privadas, que cobran por consulta, polo que haberá quen poida acudir e haberá quen non, ou haberá quen poida pero non coa regularidade que a súa doenza esixiría.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Sergas a que cesen os ataques contra a sanidade pública e, nomeadamente, contra o centro de saúde de Rianxo.
2. Instar ao Sergas a que abra no centro de saúde de Rianxo unha unidade de fisioterapia, e novas especialidades e atencións que melloren a atención sanitaria da veciñanza.
3. Instar a que se cubran as baixas profesionais dunha maneira máis rápida. En especial nos turnos de tarde onde as urxencias implican as veces o cese da atención no centro.

Antes de sometela a votación o señor Mariano José Moares Rial abandona o Salón de Plenos.

Rematado o debate, sométese a proposta anteriormente transcrita neste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por 9 votos a favor (1 REC+5 do BNG+3 do PSOE), 1 voto en contra

de Cs e 3 abstencións do PP dos 13 membros presentes no presente punto da orde do día dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

8 MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dito Pazo, actual sede da biblioteca municipal de Rianxo, é un dos bens de interese cultural que a día de hoxe temos no noso concello, xa que foi declarado monumento histórico-artístico no ano 1973. Naquela altura o estado do inmovible era ruinoso, porén, grazas aos traballos de rehabilitación que seguiron a adquisición do ben por parte do Concello de Rianxo, o edificio chegou aos nosos días e puido ser empregado e desfrutado polo conxunto da cidadanía.

Hoxe en día o edificio presenta de novo un mal estado de conservación, particularmente a galería situada na súa fachada occidental, cara a Rúa Paio Gómez Chariño, a cal supón ademais un perigo para os veciños e veciñas que transitan pola devandita rúa.

En consecuencia, e dado que outras vías de financiamento exploradas no pasado non deron os resultados esperados, pensamos que debemos tomar cartas no asunto e comezar a poñerlle fin ao cabalgante deterioro do inmovible, comezando polas actuacións máis necesarias, para, pasión a pasión, ir completando a súa rehabilitación. Sen dúbida unha oportunidade para comezar a facelo son os fondos que anualmente lle aporta ao noso municipio a Deputación da Coruña mediante o programa de investimentos denominado Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos).

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Valorar a realización dunha actuación de rehabilitación do Pazo de Martelo con cargo aos fondos do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña correspondente ao ano 2022.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O señor Mariano José Moares Rial incorpórase ao Salón de Plenos.

Rematado o debate, sométese a proposta anteriormente transcrita a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

9 MOCIÓN de Rianxo en común : AGRUPAMENTO DE PARCELAS RÚSTICAS MEDIANTE PERMUTAS ENTRE PARTICULARES

O voceiro do grupo municipal REC, solicita a retirada deste punto da orde do día para tratalo nunha Comisión Informativa. Sométese a proposta a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos membros presentes a súa retirada.

10. MOCIÓN do grupo municipal RIANXO EN COMÚN: APOIO AO CRA DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a APOIO AO CRA DE RIANXO sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde indica que conta coa conformidade de todos os grupos para presentar unha enmenda por escrito antes da deliberación do citado asunto, de forma que a Proposta quede redactada nos seguintes termos **e a iniciativa de todos os grupos políticos municipais:**

DECLARACIÓN DE APOIO AO CRA DE RIANXO.

O Pleno da Corporación de Rianxo expresa o seu apoio a toda a comunidade educativa do C.R.A. de Rianxo, ás familias, aos alumnos e alumnas, ao profesorado e ao equipo directivo do centro en todas as actuacións que están a desenvolver para manter a oferta educativa e o catálogo de unidades e postos de traballo docentes.

Pola Orde de 22 de xullo de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, publicada no DOGA de 6 de agosto de 2021, modificábase a relación de unidades e postos de traballo do C.R.A. de Rianxo, suprimindo dúas unidades de E. Primaria e tres postos de traballo docentes, dous da especialidade de Educación Primaria e un de Pedagogía Terapéutica.

Pola información que ten esta Corporación, esta modificación non se fixo efectiva no curso 2021-2022 e a administración educativa ten expresado ao equipo directivo do centro a súa intención de reverter o previsto na orde ao obxecto de deixar sen efecto a modificación prevista no DOGA de 6 de agosto de 2021.

A Corporación de Rianxo expresa a súa satisfacción porque a Administración Educativa teña comunicado a súa intención de reverter o contido previsto na referida orde no que ten que ver co

C.R.A. de Rianxo.

Reitera o seu apoio a cantas actuacións se emprendan dende o centro educativo ao efecto de manter e se é posible, mellorar a oferta educativa e as dispoñibilidades de profesorado.

A Corporación de Rianxo identifícase e comprométese co modelo educativo que encarna o C.R.A. de Rianxo, polos valores nos que se sustenta: proximidade ás familias e ás parroquias e modelo aberto á comunicación e interacción coa contorna.

Sen debate, sométese a proposta anteriormente transcrita a VOTACIÓN coa enmenda indicada. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, APROBAR a proposta nos termos desta.

11 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=Ye7gfb5ij78>